



## 1. Identificación da programación

### Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15015755	Rosalía de Castro	Santiago de Compostela	2017/2018

### Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CSSSC03	Animación sociocultural e turística	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

### Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP1125	Animación e xestión cultural	2017/2018	8	213	255

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

### Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA DE LA LUZ PÉREZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación corresponde ao módulo profesional Animación e Xestión Cultural do 1º curso do Ciclo Superior de Animación Sociocultural e Turística, pertencente á Familia Profesional Servizos Socioculturais e á Comunidade, cunha duración de 2.000 horas.

1. A competencia xeral do título de Técnico/a Superior en Animación Sociocultural e Turística consiste en programar, organizar, pór en práctica e avaliar intervencións de animación sociocultural e turística, promovendo a participación activa das persoas e dos grupos destinatarios, e coordinando as actuacións de profesionais e persoal voluntario ao seu cargo.

2. A formación do módulo contribúe a alcanzar os obxectivos xerais a), b), c), d), e), f), h), i), j), o), q), r), s), t), u), v), w) e x) do ciclo formativo, e as competencias a), b), c), d), e), g), m), ñ), o), p), q), r) e s).

Este módulo profesional contén formación necesaria para desempeñar as funcións de organización da intervención, intervención ou execución, avaliación da intervención, promoción e difusión, xestión da calidade e administración de actividades de animación cultural. As actividades profesionais asociadas a estas funcións aplícanse no sector de servizos culturais.

### 3. Relación co sector produtivo

Todos os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe especificados van encamiñados a que o alumnado, futuros/as técnicos/as en Animación Sociocultural e Turística, obteñan a cualificación profesional no sector dos servizos á comunidade (desenvolvemento comunitario e información xuvenil), no sector dos servizos culturais (lectura e información, tecnoloxías da información e da comunicación, etc.) e de recursos e produtos culturais diversos, e nos sectores de servizos turísticos e de lecer e tempo libre (actividades lúdicas e deportivas, ambientais e de aire libre).

A actividade produtiva na prestación de servizos será principalmente desenvolva nos seguintes ámbitos do mercado:

- Coordinador/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- Director/ora de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- Responsable de proxectos de tempo libre educativo infantil e xuvenil.
- Coordinador/ora ou director/ora de campamentos, albergues de xuventude, casas de colonias, granxas-escola, e aulas de casas de xuventude e escolas de natureza.
- Monitor/ora de tempo libre.
- Animador/ora sociocultural.
- Dinamizador/ora comunitario/a.
- Asesor/ora para o sector asociativo.
- Técnico/a comunitario/a.
- Xestor/ora de asociacións.
- Técnico/a de servizos culturais.
- Animador/ora cultural.
- Informador/ora xuvenil.
- Animador/ora de hotel.
- Animador/ora de veladas e espectáculos.
- Animador/ora de actividades recreativas ao aire libre en complexos turísticos.
- Xefe/a de departamento en animación turística.

### 4. Prospectiva do título no sector ou nos sectores:

- A empregabilidade do título de técnico superior en Animación Sociocultural e Turística vén avalada polo amplo número de sectores profesionais en que desenvolve a súa actividade e que abranguen desde os servizos á comunidade a través do desenvolvemento comunitario e a información xuvenil aos servizos culturais e turísticos, e de lecer e tempo libre.



- A incorporación de actividades profesionais xeradas en novos sectores, como a animación xerontolóxica, aumentará considerablemente as posibilidades de inserción laboral das persoas con esta titulación.
- A expansión das posibilidades que ofrece a rede para a información e a comunicación fai necesarias intervencións que promovan un uso responsable destes medios por parte da xuventude, polo que o maior peso da formación relacionada coa información xuvenil e a intervención socioeducativa con este sector da poboación ha redundar tamén nunha maior empregabilidade.
- Tamén constitúen campos de inserción laboral emerxentes os relacionados coa animación á lectura e a difusión das tecnoloxías da información e da comunicación.
- A empregabilidade das persoas con esta titulación aumenta considerablemente, porque a formación do título se dirixe tanto ao persoal monitor de tempo libre como ao de dirección de actividades de lecer e tempo libre, exixidos polas administracións das comunidades autónomas.
- Neste momento estamos a vivir un incremento considerable de persoas maiores xubiladas que demandan actividades de tempo libre dentro do ámbito cultural, feito que favorece a inserción laboral do alumnado.
- Xa por último, comentar que o Instituto Rosalía de Castro atópase no casco antigo da cidade de Santiago de Compostela, declarado patrimonio da humanidade dende 1985. Esta cidade vella destaca polo seu gran valor cultural, o que convirte á cidade de Santiago nun destino escollido por un cada vez máis crecente número de viaxeiros, que contan cun aeroporto internacional, máis de 5.500 prazas hoteleiras e numerosas empresas relacionadas co sector cultural e turístico.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Cultura e arredores.	Introdución ao concepto da animación cultural, políticas culturais e axentes. Análise do mercado cultural.	45	14
2	A xestión cultural.	Procedemento e guía da xestión cultural: planificación estratéxica, programación cultural e uso das TIC. Elaboración de programacións de xestión cultural.	12	10
3	Xestión de recursos.	Procedemento e documentación a empregar na xestión de recursos materiais e técnicos, recursos humanos, recursos financeiros e xestión da documentación. Comunicación e promoción da cultura, difusión de actividades culturais a través das TIC.	20	12
4	A animación cultural.	A animación cultural, antecedentes, evolución e situación actual.	15	10
5	Linguaxes e expresións culturais.	Programación e realización de actividades empregando as variadas linguaxes e expresións culturais.	45	14
6	O patrimonio cultural.	Recollida e análise de patrimonio cultural da contorna. Valoración de usos e posibilidades na animación cultural.	28	12
7	Entidades culturais.	Investigación e análise acerca das entidades culturais da contorna próxima.	45	14
8	Deseño de proxectos culturais.	Elaboración do propio proxecto cultural.	45	14



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Cultura e arredores.	45

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza a intervención cultural en relación co marco teórico e xurídico, e coas necesidades e as demandas culturais	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características significativas do ámbito cultural na sociedade
CA1.2 Analizáronse os conceptos de animación, xestión e márketing cultural
CA1.3 Descríbense os campos e os contextos da intervención cultural
CA1.4 Analizáronse as institucións e as políticas culturais a nivel comunitario, estatal, autonómico e local
CA1.5 Comparáronse os modelos de intervención dos axentes culturais
CA1.6 Interpretouse o marco legal da acción cultural e as fórmulas xurídicas que regulan a colaboración entre organismos públicos e redes culturais
CA1.7 Descríbense técnicas e instrumentos para a análise do territorio e a identificación das demandas e as preferencias culturais de diversos segmentos de mercado
CA1.8 Valórouse a importancia da análise do territorio para fundamentar a intervención

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Cultura e sociedade: situación actual; produción e consumo cultural.
Importancia da análise do territorio para fundamentar a intervención.
Animación, xestión e márketing cultural.
Sectores de intervención cultural.
Análise de institucións e políticas culturais a nivel comunitario, estatal, autonómico e local.
Axentes culturais: Administración, sector privado, sector comunitario e terceiro sector.
Asociacións e colectivos no ámbito cultural: estudo e análise. Tecido asociativo no marco do territorio.
Marco legal da acción cultural: asociacións culturais e fundacións; patrimonio histórico-artístico; produtos culturais e a súa exhibición; propiedade intelectual.
Análise do territorio na intervención cultural: técnicas e instrumentos.
Mercado cultural: Necesidades e demandas culturais. Indicadores. Hábitos culturais: fontes de información. Segmentación do mercado cultural. Tipoloxías na poboación usuaria ou consumidora cultural. Procedemento de estudo de preferencias da poboación usuaria ou consumidora cultural.
Patrocinadores e mecenado no ámbito da cultura.



#### 4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	A xestión cultural.	12

#### 4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Deseña programación culturais, para o que interpreta os criterios e as directrices da planificación estratéxica en relación co marco conceptual da xestión cultural	SI

#### 4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Interpretouse o marco conceptual da xestión cultural
CA2.2 Interpretáronse as políticas culturais ou empresariais como directrices aplicables ao deseño e ao desenvolvemento dunha programación cultural
CA2.3 Identifícanse as prioridades e os criterios reitores para o deseño e o desenvolvemento de programación culturais, establecidos nunha planificación estratéxica
CA2.4 Obtívose información de diversas fontes e recursos para a realización da programación cultural
CA2.5 Estableceuse a organización temporal dos eventos da programación cultural, en coordinación coa realización doutros eventos
CA2.6 Establecéronse e desenvolvéronse de xeito coherente os elementos dunha programación cultural atendendo aos obxectivos da planificación estratéxica
CA2.7 Descríronse estratexias para posibilitar a participación das entidades ou empresas do sector no desenvolvemento da programación cultural
CA2.8 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación na procura de información e no deseño da programación cultural

#### 4.2.e) Contidos

Contidos
Análise do marco conceptual da xestión cultural: referentes teóricos; marcos institucionais e fundamentos da política cultural ou empresarial.
Sociedade da información e o coñecemento no marco da xestión cultural. Análise de planificación estratéxica no ámbito cultural. Identificación de prioridades e criterios de actuación.
Elaboración de programación de xestión cultural. Xestión estratéxica. Deseño de organizacións. Lóxicas e procesos administrativos.
Análise de proxectos e organizacións culturais. Instrumentos para a xestión da cultura. Recursos de información cultural. Operadores de cultura. Elaboración de programación de xestión cultural.
Instrumentos para a xestión da cultura a través das tecnoloxías da información e da comunicación.
Importancia das tecnoloxías da información e da comunicación na xestión cultural.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Xestión de recursos.	20

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Realiza actividades de xestión cultural, para o que analiza os recursos dispoñibles relacionados coa acción cultural que se vaia desenvolver	NO
RA7 - Realiza actividades de comunicación e márketing de produtos e programas culturais, para o que analiza as estratexias e as técnicas de promoción e difusión dos proxectos	NO

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Elaboráronse inventarios de equipamentos e infraestruturas de espazos culturais
CA5.5 Asignáronselles tempos de execución e recursos materiais e humanos aos traballos relacionados co desenvolvemento dos eventos culturais
CA5.6 Elaboráronse e cubríronse patróns de organización que faciliten o coñecemento da previsión de actuacións ás persoas implicadas no proceso
CA5.7 Elaboráronse orzamentos para dar resposta ás condicións do desenvolvemento da actividade
CA5.8 Elaboráronse e cubríronse os documentos de xestión asociados á loxística e a organización dos eventos culturais
CA7.1 Argumentouse a importancia dos medios de comunicación na promoción e na difusión dos proxectos de animación cultural
CA7.2 Descríronse os medios, as estratexias e as técnicas principais para a promoción e a difusión dos proxectos de animación cultural
CA7.3 Identificáronse os factores que inflúen no éxito das campañas promocionais dos produtos e dos programas culturais
CA7.4 Elaboráronse recursos en diferentes soportes para a promoción e a difusión de proxectos de animación cultural
CA7.6 Identificáronse os elementos fundamentais dunha campaña de promoción e difusión
CA7.8 Xustificouse a necesidade de garantir a veracidade informativa nos procesos de promoción e difusión dos proxectos de animación cultural

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
Equipamentos e infraestruturas culturais. Elaboración de inventarios de equipamentos e infraestruturas culturais. Criterios para a selección de equipamentos e infraestruturas culturais.
Xestión de espazos e tempos.
Xestión de recursos materiais e técnicos: análise de necesidades; protocolos de alugamento e adquisición; protocolos de comprobación de equipamentos.
Permisos e autorizacións.
Xestión de recursos humanos: distribución de funcións (instrumentos e protocolos de organización) e protocolos de transmisión da información.
Xestión de recursos financeiros: orzamentos públicos; coñecemento, aplicación e bases de execución; criterios de valoración económica de produtos culturais.
Xestión da documentación asociada á loxística e á organización de eventos culturais. Uso de tecnoloxías da información e da comunicación na xestión da documentación.
Importancia da necesidade de aproveitar optimamente os recursos.



**Contidos**

Comunicación e promoción da cultura. Obxectivos da publicidade no ámbito da cultura. Política e accións de comunicación: características e obxectivos.

Difusión de proxectos culturais. Márketing cultural como ferramenta de promoción cultural e imaxe institucional. Elaboración do plan de márketing: estrutura e funcionalidade. Variables do márketing mix. Implantación do plan de márketing. Ética e responsabilidade na comunicación de actividades culturais.

Difusión de actividades culturais a través das tecnoloxías da información e da comunicación: páxinas web, boletíns electrónicos, listas de distribución, xestores de contidos, etc.

Responsabilidade social como estratexia de comunicación.





#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	A animación cultural.	15

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Deseña proxectos de animación cultural en relación cos modelos e cos principios da intervención e a dinamización cultural	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Interpretouse o marco conceptual da animación cultural
CA3.2 Caracterizouse a animación cultural en función dos colectivos e dos contextos de intervención
CA3.3 Descríbóronse a estrutura e as características dos proxectos de animación cultural
CA3.5 Descríbóronse estratexias e instrumentos que promovan a participación e a colaboración das redes asociativas culturais na planificación e no desenvolvemento da intervención cultural
CA3.6 Analizáronse as características e as aplicacións de diversos tipos de actividades culturais
CA3.7 Valorouse a importancia das redes asociativas culturais no desenvolvemento dos proxectos culturais
CA3.8 Valorouse a importancia de incorporar criterios de accesibilidade e deseño universais na planificación dos proxectos de animación cultural

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Animación cultural: antecedentes, evolución e situación actual. Animación cultural con diversos colectivos.
Identificación das necesidades especiais dentro do campo cultural con colectivos específicos. Accesibilidade e deseño universais.
Dinamización cultural.
Análise de modelos de participación no ámbito da cultura. Instrumentos metodolóxicos para a planificación de proxectos de grupo.
Elaboración de proxectos de animación cultural: estrutura e características. Análise da realidade nos proxectos de animación cultural: técnicas e instrumentos; detección de necesidades e demandas. Investigación de recursos para o desenvolvemento de proxectos de animación cultural. Análise da metodoloxía de intervención na animación cultural.
Deseño de actividades de animación cultural: organización de eventos, obradoiros, circuitos e itinerarios culturais, visitas guiadas, concursos e certames, e outros xeitos de achegarse á cultura e á creatividade cultural.
Elaboración de axendas culturais.
Recursos humanos: persoas voluntarias, afeccionadas e profesionais.



#### 4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Linguaxes e expresións culturais.	45

#### 4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Realiza actividades de animación cultural, para o que analiza as características e as posibilidades de uso de diferentes expresións culturais	SI

#### 4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Respectáronse os criterios establecidos na programación
CA6.2 Seleccionáronse estratexias para a realización de actividades de animación cultural a partir de diversas expresións culturais
CA6.3 Obtívose información para fundamentar a intervención
CA6.4 Realizáronse actividades de animación cultural coherentes co recurso utilizado
CA6.5 Manexáronse os equipamentos e os medios audiovisuais e técnicos necesarios para a posta en práctica das actividades culturais
CA6.6 Realizáronse adaptacións no desenvolvemento das actividades para posibilitar a participación de colectivos con necesidades específicas
CA6.7 Establecéronse protocolos de actuación na montaxe e na comprobación dos equipamentos
CA6.8 Valorouse a importancia de respectar os protocolos de prevención e seguridade

#### 4.5.e) Contidos

Contidos
<p>Actividades de animación cultural relacionadas coas expresións culturais: artes escénicas (animación teatral), artes plásticas, linguaxes e medios audiovisuais e os seus modelos de uso (fotografía, vídeo, radio, televisión, e tecnoloxías da información e da comunicación), artes literarias, artesanías, folclore, e ciencia e tecnoloxía.</p> <p>Desenvolvemento de actividades: pautas de actuación.</p> <p>Manexo básico de equipamentos e medios técnicos para a realización de actividades de animación cultural: tecnoloxías da información e da comunicación, equipamentos audiovisuais, etc.</p> <p>Importancia de respectar os protocolos de prevención e seguridade.</p>



#### 4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	O patrimonio cultural.	28

#### 4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza actividades de animación cultural, para o que analiza as características e as posibilidades de uso do patrimonio cultural, e os equipamentos culturais especializados	NO

#### 4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Establecéronse os usos e as posibilidades dos bens patrimoniais como recurso para a animación cultural
CA4.8 Valórouse a importancia do patrimonio e dos equipamentos culturais especializados como recursos para a animación cultural

#### 4.6.e) Contidos

Contidos
Patrimonio cultural: Análise de usos e posibilidades como recurso para a animación cultural. Organización de actividades de animación cultural relacionadas co patrimonio cultural.
Elaboración de guías de recursos culturais.
<i>Elaboración de guías de patrimonio cultural.</i>
Importancia do patrimonio e dos equipamentos culturais especializados como recursos para a animación.
<i>Importancia do patrimonio cultural como recurso para a animación.</i>

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Entidades culturais.	45

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza actividades de animación cultural, para o que analiza as características e as posibilidades de uso do patrimonio cultural, e os equipamentos culturais especializados	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.2 Identificáronse as características e as posibilidades de uso na animación cultural das bibliotecas, os museos e outros equipamentos culturais especializados
CA4.3 Obtívose información sobre a estrutura organizativa e funcional, os fins, as funcións e os obxectivos dos equipamentos, para fundamentar a intervención
CA4.4 Realizáronse actividades de animación cultural coherentes co equipamento ou o recurso utilizado
CA4.5 Seleccionáronse estratexias para a realización de actividades de animación cultural a partir dos fondos dos equipamentos culturais especializados
CA4.6 Definiuse o papel do persoal animador sociocultural nos recursos ou equipamentos culturais especializados
CA4.7 Realizáronse adaptacións no desenvolvemento das actividades para posibilitar a participación de colectivos con necesidades específicas

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Entidades culturais. Produtos culturais: utilización e exhibición.
Fondos de produtos culturais como recurso para a animación cultural.
Bibliotecas e mediatecas: Características, fins, obxectivos e funcións. Estrutura organizativa e funcional. Servizos e programas. Análise dos usos e das posibilidades da biblioteca e da mediateca como recursos para a animación cultural. Organización de actividades de animación cultural desde a biblioteca. Papel do persoal animador sociocultural nas bibliotecas e nas mediatecas.
Museos: Características, fins, obxectivos e funcións. Estrutura organizativa e funcional. Servizos e programas. Análise dos usos e das posibilidades do museo como recurso para a animación cultural. Educación museística: organización de actividades de animación cultural desde o museo. Papel do/da animador/ora sociocultural nos museos.
Elaboración de guías de recursos culturais.
<b>Elaboración de guías de equipamentos culturais.</b>
Importancia do patrimonio e dos equipamentos culturais especializados como recursos para a animación.
<b>Importancia dos equipamentos culturais especializados como recurso para a animación.</b>



#### 4.8.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
8	Deseño de proxectos culturais.	45

#### 4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Deseña proxectos de animación cultural en relación cos modelos e cos principios da intervención e a dinamización cultural	NO
RA5 - Realiza actividades de xestión cultural, para o que analiza os recursos dispoñibles relacionados coa acción cultural que se vaia desenvolver	NO
RA7 - Realiza actividades de comunicación e márketing de produtos e programas culturais, para o que analiza as estratexias e as técnicas de promoción e difusión dos proxectos	NO
RA8 - Realiza actividades de control, seguimento e avaliación da intervención cultural, aplicando criterios de calidade e garantindo, de ser o caso, a participación dos axentes implicados	SI

#### 4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.4 Establecéronse e desenvolvéronse de xeito coherente os elementos dun proxecto de animación cultural atendendo á realidade cultural e ao contexto específico de intervención
CA5.2 Seleccionáronse equipamentos e infraestruturas culturais en función do evento ou da actividade que se vaia realizar
CA5.3 Estableceuse a secuencia das actividades ordenadas en función das necesidades de posta en práctica
CA5.4 Determináronse os recursos, os medios técnicos e a loxística necesarios para cada evento ou actividade cultural
CA7.5 Deseñáronse campañas de promoción e difusión de proxectos de animación cultural, utilizando recursos de diversa índole
CA7.7 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a difusión das actividades culturais
CA8.1 Definiuse o procedemento de avaliación da intervención cultural
CA8.2 Seleccionáronse técnicas, instrumentos, criterios e indicadores para a avaliación da intervención cultural, atendendo ao contexto de realización desta
CA8.3 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para a xestión da documentación asociada ao proceso de avaliación
CA8.4 Establecéronse canles e instrumentos para a retroalimentación dos proxectos e a toma de decisións
CA8.5 Establecéronse os procedementos xerais para a xestión da calidade nas intervencións culturais
CA8.6 Establecéronse indicadores de calidade medibles nas intervencións culturais
CA8.7 Estableceuse o procedemento para a participación na avaliación das persoas usuarias ou da clientela, e das asociacións culturais
CA8.8 Argumentouse a necesidade da avaliación para mellorar o funcionamento dos programas e garantir a súa calidade

#### 4.8.e) Contidos

Contidos
Avaliación nos proxectos de animación cultural: elementos para a avaliación.
Avaliación do plan de márketing e o seu desenvolvemento: indicadores de impacto e eficacia das accións; satisfacción da clientela.



**Contidos**

Elementos para a análise de eventos culturais.

Folla de ruta e sistemas de medición.

Sistemas de xestión de calidade no ámbito da intervención cultural.

Problemas operativos da posta en práctica da intervención cultural.



## 5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES PARA ALCANZAR A AVALIACIÓN POSITIVA

O Decreto que establece o Currículo de Técnico Superior en Animación Sociocultural e Turística non recolle de forma explícita uns mínimos esixibles como tal. No en tanto, pódese extraer da súa lectura que, ao tratarse de ensinanzas profesionais, os mínimos esixibles para superar o módulo veñen determinados pola consecución dos resultados de aprendizaxe baseados nos criterios de avaliación.

Así pois os mínimos esixibles para acadar a avaliación positiva no presente módulo aparecen recollidos no apartado 4 da programación para cada unha das unidades didácticas, onde aparece a relación de cada criterio de cualificación co correspondente instrumento de avaliación, o seu peso na cualificación e se se trata ou non dun criterio mínimo esixible. Todos eles evidenciarán a consecución de todos os RA dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Os mínimos esixibles serán unha das referencias para desenvolver as probas de avaliación extraordinaria do alumnado con perda de avaliación continua e guiarán o proceso de avaliación ordinaria do módulo.

### CRITERIOS E INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN

A avaliación do módulo realizarase tomando como referencia os criterios de avaliación que recolle o currículo do ciclo -que expresan subcompetencias da competencia que se indica no resultado de aprendizaxe (RA)- e partindo de evidencias que confirmen a súa adquisición por parte do alumnado. A natureza conceptual, procedemental ou actitudinal de ditos criterios de avaliación, vén determinada pola súa formulación e polo tanto partirase desta formulación para articular o sistema de avaliación.

As evidencias de competencia poden ser de tres tipos:

- De COÑECEMENTO: obteranse empregando probas escritas (cuestionarios, supostos prácticos...)
- De PRODUTO: portafolio global do curso, proxectos, informes, memorias, conclusións, traballos de reflexión, traballos individuais e en grupo ou obxectos producidos polo alumnado. Avaliaranse utilizando táboas de indicadores ou táboas de observación.
- De DESEMPEÑO: execución de procesos, situacións experimentais, comportamento relacionado con actitudes. Avaliaranse empregando táboas de observación (listas de cotexo ou escalas de valoración).

Ao longo de todo o módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua segundo os criterios de avaliación contidos en cada unidade didáctica. En definitiva, os contidos serán avaliados tendo en conta cada un dos criterios de avaliación e os seus correspondentes pesos. Para obter unha cualificación positiva no módulo é preciso acadar un 5 sobre 10 en cada un dos criterios de avaliación considerados mínimos esixibles e obter un mínimo de 5 no global de cada unidade didáctica.

NON se fará media entre as avaliacións suspensas e as aprobadas. Ademais para poder presentarse tanto ao exame final como á proba extraordinaria o alumnado deberá ter entregados todos os traballos esixidos (cumprindo os requisitos especificados pola profesora).

A cualificación de cada avaliación trimestral obterase de sumar as notas ponderadas obtidas en cada unidade e actividades (no caso de unidades que abranguen máis dunha avaliación) que formen parte do trimestre. Á súa vez a cualificación final obtense sumando a nota de cada avaliación previamente ponderada co peso relativo que posúe cada unha. Todas as cualificacións das avaliacións parciais e final será numérica entre 1 e 10, sen decimais.

**IMPORTANTE** aclarar que de darse o caso de que algún alumno ou alumna mostre unha actitude reiterada de obstrución e non colaboración no proceso de ensino-aprendizaxe, entorpecendo un satisfactorio desenvolvemento das sesións na aula, despois de que sexa apercibido verbalmente en diversas ocasións, poderá ser expulsado da aula durante a sesión. No caso de que se repita esta situación, implicará unha cualificación



negativa en todos aqueles criterios de avaliación de natureza actitudinal, o que significará a non superación do módulo na avaliación ordinaria.

Tamén poderá conlevar unha cualificación negativa se se producen de forma reiterada algún dos seguintes comportamentos: unha baixa ou nula participación na aula, non respectar as quendas de palabra, a utilización dun ton de voz non axeitado ás circunstancias, a consulta de páxinas web non relacionadas coa actividade a desenvolver en cada momento, o uso non acordado do teléfono móbil durante as sesións, faltas de comportamento cos compañeiros ou profesorado e a utilización de vocabulario non axeitado.

As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probas serán negociadas co alumnado pero unha vez fixadas serán inamovibles.

As PROBAS ESCRITAS realizaranse no centro nas datas que se indiquen e terán carácter obrigatorio. A non realización conleva unha cualificación de cero na proba e a non superación da avaliación correspondente. Os exames poderán constar dunha parte teórica e dunha parte práctica. A parte teórica poderá incluír cuestións de resposta aberta de maior ou menor extensión, pregunta curta, pregunta tipo test, de relacionar ou de verdadeiro ou falso. A parte práctica requirirá o desenvolvemento de diversas tarefas a partir dun suposto. Todos os exames poderán incorporar contidos desenvolvidos durante o curso nas sesións presenciais.

#### CRITERIOS DE CORRECCIÓN DOS TRABALLOS, EXPOSICIÓNS E ACTIVIDADES DE AULA:

-Os traballos deberán ser entregados no TEMPO e FORMA acordados, salvo causa debidamente xustificada. De existir atraso na entrega, restaráselle 0.5 puntos na nota do traballo por cada día extra. A non entrega suporá non acadar a avaliación positiva.

-Elaboración de todos os apartados solicitados.

-Contidos claros, completos e adecuados. Mostra comprensión dos contidos.

-Aplicación dos contidos teóricos traballados na unidade.

-Inclúe material complementario.

-Implicación na actividade.

-Elaboración persoal. Orixinal e creativo.

-Coherencia dos elementos do traballo.

-Boa expresión escrita e/ou oral. Sen erros. Ortografía.

-Calidade no acabado: orden, limpeza e presentación.

-Conclusión con explicacións razoadas.

-Inclúe bibliografía e fontes consultadas.

-Presentación ben planificada. Conta con inicio e conclusión.

-Boa expresión oral. Dominio dos conceptos.

-Adecuado desenvolvemento da actividade. Mostra interese.

-Explicación correcta e con rigor. Mostra comprensión dos contidos.

-Presentación creativa e participativa. Os apoios empregados son claros e útiles.

-Realización da exposición sen lectura directa e capacidade de resposta na quenda de preguntas.

\*A ausencia de clase (salvo causa xustificada) na data de exposición do traballo individual ou grupal no que se participe, implica unha cualificación negativa en dita parte do traballo.

En particular, nos TRABALLOS DE GRUPO terase en conta o reparto das tarefas e a coordinación dos membros do grupo no desenvolvemento das actividades e o coñecemento de todo o grupo de todas as partes da actividade ou tarefa (apoio, respecto e participación de todo o equipo). Se algunha das persoas do grupo non asiste a lo menos ao 50% das sesións utilizadas na aula para o seu desenvolvemento ou a súa falta de implicación no mesmo non permite que o traballo avance, a profesora, unha vez avisado/a o /a alumno/a, poderá decidir que este membro do grupo realice o traballo individualmente en tempo e forma, non podendo acadar máis que un 5 sobre 10 no total da nota do traballo.





Queda a criterio docente cualificar aos distintos membros do grupo cunha nota diferente se se estima que a implicación e aproveitamento foi insuficiente nalgún caso (ausencias continuas e sen xustificación, incumprimento das directrices, erros graves e reiterativos a pesar do asesoramento docente, baixa ou nula implicación nas diferentes fases e apartados de elaboración).

\* NON se valorarán aqueles traballos nos que se observe que a única achega persoal é unha copia indiscriminada ou PLAXIO da información dunha ou varias fontes concretas.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Tomando como referencia a Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, para aprobar o módulo será preciso que o alumnado supere positivamente cada unha das dúas avaliacións ou, o que é o mesmo, cada unha das unidades didácticas. En caso contrario teranse que recuperar todas aquelas actividades avaliadas que non obteñan a valoración de 5 puntos sobre 10, para o que se deseñarán actividades de recuperación apropiadas, que se realizarán no período estipulado pola normativa.

Deste modo, as probas de recuperación ordinarias realizaranse ao finalizar a 3ª avaliación. Dependendo de cada caso en particular, poderá consistir en:

- Realización dunha exposición ou de probas de carácter procedemental similares ás efectuadas na aula.
- Entrega dos traballos realizados durante o curso (portafolio, fichas, app).
- Realización dunha proba escrita de carácter teórico e/ou práctico que permita avaliar de forma efectiva os criterios de avaliación que se precisen recuperar. Poderá incluír todos os contidos traballados na correspondente avaliación.

En todos os casos, a puntuación obtida deberá ser igual ou superior a 5 para aprobar. E a cualificación final do módulo calcularase mediante a suma ponderada de cada avaliación, unha vez recuperadas todas as unidades. Esta cualificación exprésase numericamente, entre 1 e 10, sen decimais.

No caso do alumnado que non poida acceder á FCT no período ordinario por non ter superado o módulo, poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seralle asignada unha serie de actividades de recuperación, con indicación expresa da data final en que será avaliado. Realizarase un informe de avaliación individualizado.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, indica que o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua nun determinado módulo será do 10 % respecto da súa duración total. Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, o profesorado valorará as circunstancias persoais e laborais do alumno ou a alumna na xustificación desas faltas, cuxa aceptación será acorde co establecido no correspondente regulamento de réxime interior do centro (na actualidade NOF).

Dado que o número total de horas do módulo é de 213 horas, o número máximo de faltas de asistencia para manter o dereito á avaliación continua será de 21 horas. Convén matizar que o alumnado que perda o dereito á avaliación continua non será avaliado de forma parcial, pero poderá seguir asistindo a clase e realizar tanto aquelas actividades de aula nas que teña a preparación necesaria para participar, así como os traballos



estipulados para o curso. E terá dereito a realizar unha proba extraordinaria de avaliación previa á avaliación final de módulos. Ademais terá que entregar aqueles traballos obrigatorios que lle queden pendentes antes da data de realización desta proba.

A proba extraordinaria constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre todos os contidos do módulo:

-Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento máis ou menos amplo.

-Parte práctica: poderá consistir na resolución dun ou varios supostos prácticos ou o desenvolvemento dunha sesión práctica sobre algúns dos contidos do módulo.

A duración desta proba poderá ser de ata un máximo de seis horas, dividida en dous períodos de 3 horas cada unha.

Para alcanzar unha cualificación positiva no módulo é preciso obter un 5 sobre 10 puntos en cada unha das partes que a compoñen e nos traballos entregados.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

Segundo a normativa de aplicación (Orde do 12 de xullo de 2011), a programación será revisada ao inicio de cada curso académico á vista da experiencia do curso anterior, tomando como referencia a memoria final do módulo.

En cumprimento do establecido no artigo 34 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, polo que se establece a Ordenación Xeral da Formación Profesional do Sistema Educativo de Galicia, os centros sostidos con fondos públicos que impartan ensinanzas de formación profesional deberán utilizar para a elaboración e o seguimento das programacións dos módulos profesionais dos títulos establecidos ao abeiro da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a aplicación informática web de programacións.

Polo que empregando a citada aplicación informática de programación e considerando o caderno de aula, cada docente ten a responsabilidade de revisar cunha frecuencia mínima mensual a programación do módulo para verificar o seu grao de cumprimento e xustificar debidamente as posibles desviacións ou melloras de cara ao seguinte curso. Darase conta mensualmente nas reunións de equipo docente de ciclo e do departamento e recollerase o grao de cumprimento na acta de reunión.

O seguimento ten a finalidade de ir rexistrando e axustando o programado inicialmente á realidade dese curso académico, faise por unidades didácticas, debendo recoller a data de inicio e de finalización, nº de sesións realizadas e a aplicación calcula a diferenza con respecto ás previstas na programación-, comentario xeral, propostas de mellora realistas e grao de cumprimento. Este seguimento complétase con información por cada unha das actividades programadas, existindo a posibilidade de engadir unha nova actividade en substitución doutra, como complemento ou por calquera outro motivo que se considere oportuno.

Na avaliación da práctica docente terase en conta o seguimento da programación e valorarase ademais a organización e a concreción do currículo en relación a súa adecuación ás características do contorno produtivo e ás necesidades do alumnado, a secuenciación dos contidos, a forma de presentación da información, a adecuación das actividades, a variedade de agrupamentos e de actividades, as estratexias metodolóxicas, os recursos, a atención á diversidade, os instrumentos de avaliación e as actividades formativas complementarias. O seu obxectivo é verificar a adecuación do proceso de enseñanza ás características e necesidades educativas do alumnado e, en función do resultado, introducir as melloras necesarias na actuación docente de xeito continuo. Como instrumentos de avaliación empregaranse rexistros de observación, as notas diarias, sesións de análise e posta en común sobre a marcha do curso, cuestionarios para recoller a opinión do alumnado e escalas de valoración e autovaloración.

Ao final do curso académico cada docente realizará a Memoria final do módulo, empregando o modelo establecido. Deberanse recoller as



incidencias acaecidas e incluíranse todas as propostas de mellora feitas durante o curso, que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o artigo 28 da Orden 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, ao comenzo das actividades do curso académico, realizarase unha sesión de avaliación inicial, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades, intereses e expectativas.

Empregarase un cuestionario inicial, que conterá indicadores acerca dos datos persoais e familiares, nivel de estudos realizados, interese na realización do ciclo formativo, información sobre o contido do mesmo, experiencia, expectativas. Inclúense cuestións como actividades profesionais realizadas no sector e outras que se consideren relevantes.

Compartirase co equipo docente a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado. Reunido todo o profesorado de ciclo, levantarase acta de avaliación, co fin de proporcionar a información pertinente sobre a situación do grupo de alumnos/as que están a iniciar esta etapa do seu proceso formativo, e, de axustar, desde un principio, a actuación educativa ás necesidades do grupo.

Do mesmo xeito ao longo do mes de setembro realizarase unha avaliación inicial sobre os contidos do módulo. Empregarase un cuestionario de coñecementos previos e o procedemento será o seguinte:

1. Rexistrar as situacións persoais que poidan incidir no seguimento do módulo por parte do alumnado.
2. Proba inicial de coñecementos sobre o módulo que permita saber o punto de partida do alumnado.
3. Cuestionario sobre as expectativas con respecto ao módulo.
4. Entrega da programación do módulo e aclaración de dúbidas.

Así mesmo ao inicio de cada unidade didáctica realizarase unha valoración dos intereses e coñecementos previos do alumnado con respecto a eses contidos, co fin de organizar os contidos da unidade didáctica dun xeito máis adecuado o perfil do alumnado. Para levar esta avaliación inicial empregaranse técnicas como a chuvia de ideas ou a realización de preguntas directas.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Se a avaliación inicial do alumnado indica que no grupo hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza e aprendizaxe susceptibles de modificación (metodoloxía, recursos, espazos, tempos, modalidade de avaliación;) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe. Ademais a lexislación contempla a flexibilización modular, que consiste na autorización para que o alumnado poida cursar o ciclo formativo de xeito fragmentado por módulos cunha temporalización distinta da habitual. Pero en ningún caso se establecerán uns mínimos distintos aos que figuran nesta programación, por entender que o/a alumno/a deberá acadar os mínimos independentemente da forma de acadalos.



A metodoloxía proposta concibe a atención á diversidade de alumnado como un elemento da práctica docente diaria, así ao longo do curso adoptaranse de xeito xenérico, para dar resposta ás necesidades do alumnado con maiores dificultades, entre outras, as seguintes estratexias de atención á diversidade:

- Detección dos coñecementos previos do alumnado antes de abordar novos contidos.
- Emprego de distintos tipos de materiais (auditivos, escritos, visuais, audiovisuais) para responder a todos os estilos de aprendizaxe.
- Achega de material complementario sobre os contidos nos que apareza maior dificultade.
- Abordaxe dun mesmo contido dende diferentes puntos de vista e con actividades diversas, variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se empregan.
- Desenvolver distintas modalidades de grupos de traballo (ampos, reducidos, por parellas ou individualmente e alternando as persoas integrantes dos equipos) co obxectivo de posibilitar a axuda mutua e a valoración de habilidades complementarias.
- Atención individualizada do alumnado para tratar aqueles aspectos que presenten maior dificultade.
- Utilización de reforzos verbais positivos para mellorar a valoración das propias capacidades.
- Promoción do traballo cooperativo, que facilitará o intercambio de coñecementos, intereses e experiencias.
- Dependendo das necesidades educativas especiais, debidamente documentadas, tomaranse as medidas que se precisen para a realización dos exames ou dos traballos (adaptación do tempo, dos materiais, etc.).
- Adaptación no proceso de ensinanza-aprendizaxe aos ritmos e tempos individuais.
- Ter en conta os intereses do alumnado na programación e funcionalidade das aprendizaxes.
- Crear un clima de respecto e tolerancia e valoración mutua.
- Adecuación de espazos na aula que favorezan a mobilidade do alumnado e posibiliten distintos tipos de traballo de forma simultánea e diferentes agrupamentos.

En calquera caso, as medidas deberán ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os necesarios mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a colaboración do equipo educativo e do Departamento de Información e Orientación Profesional do centro por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

É importante sinalar que ao longo do módulo se traballará coa educación en valores non só a través dos contidos actitudinais recollidos no currículo do módulo, senón a través de distintas actividades inherentes ao desenvolvemento do módulo na aula-taller. Tratarase de traballar contidos relacionados coas competencias básicas e as áreas transversais incorporando á dinámica cotiá das clases aspectos relacionados coa inclusión de persoas con diversidade funcional e co desenvolvemento de competencias relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación e o traballo en equipo. Ademais abordaranse temas como:

- A cuestión do xénero (educación para a igualdade): convén traballar a perspectiva de xénero para a intervención con colectivos diversos e reflexionar sobre os estereotipos imperantes.
- Estereotipos, prexuízos e discriminación (educación para a igualdade), sobre todo os relacionados cos colectivos cos que pode traballar o/a técnico. Promovendo a toma de conciencia e a reflexión sobre os estereotipos socialmente compartidos, descubriendo que feitos sociais se atopan detrás dos prexuízos (descoñecemento, medo, intolerancia cara outras maneiras de entender o mundo, simplificación da realidade, etc.) e a súa influencia no establecemento da relación.
- Educación para a paz: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e procurando atopar solucións de consenso. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc..... Amosar unha actitude flexible e aberta ante as opinións dos demais no desenvolvemento do traballo en equipo no momento de resolver un problema. Durante



todo o curso haberá propostas de traballo en grupos nas que será necesario chegar a acordos, negociar, mediar e consensuar para acadar o obxectivo proposto.

-Cidadáns de dereitos, outro aspecto que pode ser abordado de forma transversal cos contidos do módulo e o relacionado co tema dos dereitos como cidadáns, promovendo unha reflexión sobre o que supón exercer unha cidadanía responsable e participativa e a toma de conciencia sobre a consideración desta mesma condición a todas as persoas independentemente das súas circunstancias.

-Educación no consumo: adquirir unha actitude crítica e responsable cara o consumo e cara as mensaxes dos medios de comunicación.

-Educación ambiental: fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente a través do correcto emprego dos recursos; insistindo na reciclaxe e na conservación.

-Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiás do seu emprego.

-Interculturalidade: Traballando o respecto cara a diversidade cultural dende un enfoque de enriquecemento persoal, favorecendo o achegamento para ampliar o propio horizonte de coñecemento.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao tratarse de estudos de formación profesional debemos reforzar a concepción dun centro caracterizado pola conexión coa comunidade e por estar aberto a propostas de participación activa con outras institucións e organizacións da contorna.

En todos os módulos do ciclo ten unha relevancia especial a colaboración con entidades da zona para o desenvolvemento de actividades prácticas que contribúan ao acercamento entre a formación profesional e o contorno sociolaboral. Polo que serán aproveitadas todas as actividades formativas complementarias que se programen de xeito coordinado polo equipo docente do ciclo. Estas actividades serán de obrigatorio cumprimento no caso de que se realicen en horario escolar.

Estas actividades complementarias proporcionarán ao alumnado experiencias prácticas na súa formación e permitiránlle achegarse á realidade laboral da contorna:

-Visitas a entidades que desenvolven o seu labor no eido da ASCT.

-Visitas de distintos/as profesionais e/ou expertos/as ao centro educativo para compartir coñecementos e intercambiar experiencias.

-Realización de actividades en coordinación con entidades do sector.

## 10. Outros apartados

### 10.1) METODOLOXÍA

Tratarase dunha metodoloxía activa, participativa e flexible. Activa, xa que o alumnado será o protagonista das sesións, enfocadas a que este aprenda a ser autónomo e contribuír ás súas propias aprendizaxes. Participativa, dado que o alumnado participará dun modo ou outro en todos os procesos, e flexible, xa que tratarase sempre de adaptala ás características individuais do grupo. Este enfoque metodolóxico está baseado nunha idea constructivista da aprendizaxe.

Concretamente, o proceso de ensino-aprendizaxe estará baseado nos seguintes principios metodolóxicos:

-Todo proceso de aprendizaxe é un proceso interactivo, de aí a importancia da participación e o traballo en equipo.

-O alumnado é, en última instancia, quen realiza o seu propio coñecemento; aínda que o profesorado é quen debe actuar como guía proporcionando os recursos necesarios e planificando as situacións para que se poidan levar a cabo as aprendizaxes.



- A intervención educativa debe partir dos coñecementos previos do alumnado e os seus intereses. Estes son a base que permitirá aprendizaxes verdadeiramente significativas.
- A acción educativa debe asegurar aprendizaxes funcionais e prácticas, ofrecendo diferentes experiencias asociadas coa realidade profesional.
- A intervención educativa debe dar resposta á diversidade do alumnado, marcada polas diferentes características persoais e dos entornos sociais.